



## Parlamento das Letras: Xelís de Toro

Publicado o [12/12/2012](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/12/12/parlamento-das-letras-xelis-de-toro/>

*Xelís de Toro escribe coa verba tramada á pel da vida. É un médium do caos humano que o rodea, que fagocita ávido de contar historias que nos devolvan o cáliz fervente da realidade.*

*Experimental, performancístico e neovangardista, dende finais dos oitenta Xelís avanzou anovando brañas non tripadas: sex & drugs & Rock and Roll e linguaxe de tribo urbana para ese cómic verbal que é Seis cordas e un corazón (1989), ao que logo seguiu a prosa radiofónica, textualidade puzzle de Non hai misericordia (1990), encrucillado de relatos, parodia de parodias que tivo continuación e remate de ciclo con Terminal (1994).*

*Pero o de Xelís non é camiñar por céspedes moles, así que ben pronto proseguíu o desafío con Os saltimbanquis no paraíso (2000), escrita de transfusión de dous mundos, xinea anglogalega e exploración das marxes vitais, a corda frouxa dos días, ese mesmo esborrallar os límites que produce Riofero (2009), planisferio de fracasos, o grande río presidindo o vagar dos espectros, a voaxa lendaria, as fuxidas e procuras, as viaxes interiores.*

*Mais se houber que sinalar un compás, un sextante para todo este cosmos creativo o seu crisol sería O libro das pontes invisibles (2012), poemario laboratoro, un tecer de sentido cara ao inefable, fías para nos atar insulares na resistencia fronte a un tsunami de baleiro, abismos do nada e espellos que desnortan.*

*Inconforme, convulso, buscapeixe, multimedia. Xelís en estado puro. Palabra que danza e reverbera e se fai río de luz para nós aquí.*

**—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

Os primeiros textos publiquéinos en revistas que eu mesmo o editaba, fanzines a fotocopias. Despois, un pouco mellor editados, tamén algúns poemas na primeira época de *Dorna*, e xa logo narrativa, a primeira en Xerais, e despois en Positivas, editorial da que fun socio fundador.

**—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

As primeiras dúas novelas, *Seis cordas e un corazón* (Roque Morteiro) e *Non hai misericordia*, foron moi ben recibidas por crítica e público, tiveron moitas recensións e, que eu lembre, moi laudatorias. Tamén venderon moitos exemplares para a época. Supoño que a razón é que era unha nova época, facía falla unha renovación na literatura e eu cadrei de pasar por alí co que a crítica e os lectores querían. Literatura urbana, parodia, posmodernismo, renovación da novela, cultura xuvenil, argot etc. Estamos falando dos derradeiros anos dos 80 e o peso da cultura urbana era cada vez máis evidente na sociedade galega.

Os máis desapercibidos foron *Terminal* e *Riofero*, penso que por motivos diferentes. *Terminal* é un libro complexo, só houbo unha recensión moi boa e intelixente de Xesús González Gómez que si entendeu o mundo no que estaba entrando, pero o resto da crítica ignorouno. O público lector nin se asomou. Supoño que nin o título nin a aparencia de libro complexo axudaban a facelo atraínte. Foi un libro singular nesa época e aínda agora o é. Para min foi moi importante, marcou un cambio radical no meu traballo. Abriume a cabeza a novos campos e posibilidades. *Riofero*, o meu derradeiro libro narrativo, tamén pasou desapercibido, non sei moi ben a razón. Eu son un escritor desterritorializado, non vivo en Galicia, foi unha escolla, a miña decisión, e iso ten repercusións na recepción dos meus libros e creo que iso afectou a *Riofero*. Pode que tamén teña que ver coa aparencia de libro de aventura, metafísico, metaliterario e que se callar non é o que a xente quere ler en tempos de crise. Eu nese libro puxen todo o que sei da literatura. Creo que é unha xungla literaria. Ou se cadra non é tan bo coma eu pensaba.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Son un pouco maniático cos lapis, bolígrafos e cadernos que utilizo.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Pensar nestas cousas pódeos despistar a un do verdadeiro traballo. Os nosos egos son bestas adormecidas que un debe temperar o máis que poida. Eu xa me fixen á idea de que só son responsable do meu traballo.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, que trazos salientarías?**

Fun dando paus de cego, e sigo dando paus de cego. Non teño un plan nin obxectivo nin folla de ruta. Aprendín a escribir escribindo milleiros de poemas que nunca publiquei, polo ben da humanidade, pero valéronme de moito, déronme ritmo, soltura, foi como ceibar un can nun campo. E por razóns varias acabei escribindo narrativa durante uns cantos anos. Neste momento perdinlle un pouco de interese á narrativa, ficción, novela, e volvo a estar máis interesado na poesía, no texto curto, na experimentación literaria. Tampouco sei moi ben canto tempo durará isto, pero é no momento no que estou. Comecei a escribir nun tempo de cambio, eu era moi consciente do que estaba a facer cando estaba a escribir *Seis cordas e un corazón* e *Non hai misericordia*. Sabía que estaba ligando a cultura urbana e o argot xuvenil á literatura galega. Pero despois non quixen seguir ese camiño, comecei a interesarme máis na literatura como textualidade e a escrita conceptual e cortei calquera vincallo aparente que o traballo anterior tiña coa realidade (aínda que isto xa estaba latente en *Seis cordas...*, unha parodia literaria, e en *Non hai misericordia*, unha estrutura metaliteraria). *Os saltimbanquis no paraíso* e *Riofero*, foron os meus ensaios en tratar de dominar as técnicas narrativas tradicionais por parte de quen non é un narrador tradicional. Nestes dous libros foi como se quixese aprender de súpeto o oficio de narrador.

**—¿Qué lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

As miñas lecturas son moi desordenadas, cando non sei qué ler e se me atrancan os libros, sempre regreso a Jean Rhys, nunca me defrauda. En xeral, e aínda que non saiba nin como definila, a literatura de mulleres é boa guía para os meus gustos: Virginia Wolf, Anaïs Nin, Sylvia Plath e si, das nosas, Rosalía e Chus Pato. Beckett para min é sempre unha constante inspiración e escritoras multimedia como Laurie Anderson. Tamén escritores xudeus centro europeos como Elias Canetti, Kafka ou Bruno Schulz.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

Resúltanme moi interesante os grupos de lectura de base, agrupacións, iniciativas voluntarias e voluntariosas de xente que trata de manter a literatura viva xa ben organizando grupos de lectura, actos etc. A literatura galega naceu dentro e grazas ao galeguismo e o nacionalismo, mais só vai ter relevancia social se logra matar ao pai.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Eu xa estou perdoado, estou máis que contento co que teño publicado, tanto en narrativa para adultos coma en literatura infantil. Podería tranquilamente non publicar nada máis, o mundo continuaría sen darse conta.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

Eu vexo algúns moi bos escritores tanto en narrativa coma en poesía e dáme pena que unha calidade tan boa non veña da man dun público máis amplo polas particularidades da nosa cultura minorizada, público lector e ninguneo polas institucións públicas.

**—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.**

Se a escrita literaria vai valer para algo, o escritor ten que loitar consigo mesmo e co que o rodea para ser independente. Nos contextos pequenos como o noso non é doado, o mundo da crítica está moi preto do mundo editorial e do mundo do escritor. Querer gustar aos críticos, querer escribir para triunfar, querer adiviñar o que lle vai gustar ao público son erros dos que un non aprende nada, é preferible cometer outros erros, os propios erros. As novas tecnoloxías, as redes sociais, o libro electrónico, están a transformar as nocións de literatura como unha narración unidimensional, están a dinamitar a imaxe do escritor como axente central na literatura e a institución literaria como estrutura coherente. É difícil acreditar nun canon, nunha historia literaria. O que existe agora é moitas escritas en moitos lugares e de moitas maneiras. A autoridade tanto do escritor coma do crítico vaise esvaecendo aos poucos e creo que iso é bo. No seu lugar fican a escrita, a literatura, a lectura. Iso espera quen isto escribe.